



**AXENCIA DE PROTECCION DA
LEGALIDADE URBANISTICA**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA**

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2022 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), dedica o seu artigo 10 á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (en diante APLU), definíndoa como un ente público de natureza consorcial dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, así como o desempeño de cantas outras competencias lle asignen as leis e os seus estatutos. Está adscrita organicamente á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

A estrutura orgánica da APLU e a definición das funcións de cada unidade administrativa regúlanse no Decreto autonómico 51/2008, modificado polos Decretos 451/2009 e 101/2013, do seguinte modo:

- a) Os órganos directivos: consello executivo e director.
- b) A subdirección, dependendo directamente da dirección.
- c) As unidades administrativas centrais que, a súa vez, se dividen en dous grupos:
 - Baixo a dependencia da dirección, o Servizo de Administración e Xestión.
 - Baixo a dependencia da subdirección: Os Servizos de Inspección Urbanística I (A Coruña) II (Pontevedra) e III (Lugo e Ourense) e o Servizo Técnico.
- d) As unidades administrativas provinciais, existindo os Servizos Provinciais en cada unha das provincias da nosa comunidade autónoma.

COMPETENCIAS

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ten por finalidade esencial velar pola utilización racional do solo conforme ao disposto na normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral, especialmente no medio rural e na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Correspóndenlle, en todo caso, as seguintes competencias:

- A) As competencias que en materia urbanística lle sexan atribuídas polos seus estatutos, especificadas no artigo 3 do Decreto 213/2007

B) As competencias inicialmente asignadas aos órganos autonómicos para restaurar a legalidade urbanística (artigos 155 e 156 LSG) e para impor sancións por infraccións urbanísticas graves e moi graves (artigo 163 da LSG).

Para a fixación das principais liñas de acción para o período 2022 da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística tivéronse en conta 3 premisas fundamentais:

a) A recente e cada vez maior preocupación social pola materia urbanística e, mais en concreto, pola disciplina e potestade sancionadora neste eido. Non pode esquecerse que nos últimos anos desenvolvéronse ao longo da xeografía española actuacións xudiciais e policiais que puxeron en evidencia a existencia de numerosos ilícitos urbanísticos.

b) A crecente importancia das políticas de ordenación do territorio e de protección do medio ambiente.

c) A relación existente entre as competencias autonómicas e locais nesta materia, que esixe o exercicio coordinado do conxunto de potestades integradoras da mesma para un axeitado exercicio da competencia urbanística.

Sentado o anterior, o primeiro a destacar é que o obxectivo xenérico desta axencia céntrase principalmente en mellorar a vixilancia e inspección do territorio e a protección do litoral para velar polo cumprimento da legalidade urbanística. Partindo deste obxectivo xenérico as accións concretas a realizar son:

A prevención e persecución das infraccións urbanísticas e de costas, mediante a realización de actuacións tales como a vixilancia e inspección do territorio para detectar obras en execución sen licenza municipal ou autorización autonómica; outorgar ao persoal formación especializada para mellorar a calidade e eficacia da disciplina urbanística, facilitando a súa participación en conferencias e cursos; a promoción de investigacións para determinar os feitos e identificar aos presuntos responsables da comisión de infraccións graves ou moi graves; a paralización e/ou incoación prioritaria e urxente de expedientes de reposición da legalidade de obras en curso de execución sen licenza municipal ou autorización autonómicas preceptivas e cuxo prazo de caducidade estea próximo a cumprirse; a imposición de multas coercitivas no caso de incumprimento voluntario da orde de demolición ou a súa execución subsidiaria transcorrido un ano dende a súa executividade.

A consecución da máxima coordinación, colaboración e participación dos concellos para a consecución de óptimos resultados no eido do urbanismo, mediante a realización de actuacións tales como a vixilancia do cumprimento por parte dos concellos do seu deber de revisar licenzas contrarias ao ordenamento xurídico; dar a coñecer a actividade e as funcións da axencia aos concellos galegos non adheridos á mesma ou o asesoramento aos concellos na interpretación da normativa urbanística.

E que, en última instancia, toda a actuación da Administración pública diríxese á protección do benestar dos cidadáns e, en materia urbanística, esta finalidade última da actividade administrativa maniféstase na promoción do seu dereito a un medio urbano e rural axeitado para o desenvolvemento da persoa, consonte ao disposto no artigo 45 da Constitución Española de 1978, na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.

I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRICIÓN EIXO
E3	CRECEMENTO SUSTENTABLE DO TERRITORIO

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E3	PA34	CONSERVACION DA NATUREZA, ORDENACION DO TERRITORIO E PAISAXE E COHESION TERRITORIA

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRICIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2022	2023	2024
01	SOLO E APOIO A ADMON. LOCALCION URBANISTICA DO TERRITORIO GALEGO FOMENTANDO A PARTICIPACION DA CIDADANIA E A PROTECCION DO SOLO E APOIO A ADMON. LOCAL	5.902.735	5.902.735	5.902.735
TOTAL		5.902.735	5.902.735	5.902.735

OBX OPERATIVO	DESCRICIÓN OBX OPERATIVO	2022	2023	2024
0002	COMPLETAR PROCESO ORDENACION URBANISTICA DO TERRITORIO GALEGO FOMENTANDO A PARTICIPACION DA CIDADANIA E A PROTECCION DO SOLO E APOIO A ADMON. LOCAL	5.902.735	5.902.735	5.902.735
TOTAL		5.902.735	5.902.735	5.902.735

INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	2022	2023	2024	UNIDADES
PO1001	ORDES REPOSICION URBANISTICA VOLUNTARIAS	190	190	190	
PO1002	ORDES REPOSICION URBANISTICA SUBSIDIARIAS	39	39	39	

I.2. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
CORUÑA	347.585		
SANTIAGO DE COMPOSTELA	2.291.141	449.000	
LUGO	267.009		

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
OURENSE	217.415		
PONTEVEDRA	347.585		
VARIOS CONCELLOS			1.983.000
TOTAL	3.470.735	449.000	1.983.000

I.3. Previsións orzamentarias e financiamento

I.3.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2022	2023	2024
APORTACIONES CONCELLOS ADHERIDOS	5.000	5.000	5.000
EXECUCIONS SUBSIDIARIAS	1.745.000	1.745.000	1.745.000
INGRESOS PATRIMONIAIS	500	500	500
MULTAS COERCITIVAS	1.141.490	1.141.490	1.141.490
SANCIONS URBANISTICAS	1.068.054	1.068.054	1.068.054
TASAS (FOTOCOPIAS COMPULSADAS EXPTE)	995	995	995
TAXAS POR SERVIZOS PROFESIONAIS	3.500	3.500	3.500
TRANSFERENCIAS CORRIENTES	1.898.196	1.898.196	1.898.196
XUROS DE DEMORA	40.000	40.000	40.000
TOTAL	5.902.735	5.902.735	5.902.735

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Nº Empregados	76	76	76
Custo Total	3.036.817,37	3.402.681	3.470.735
Custo Medio	39.958,12	44.772,11	45.667,56

Servizos exteriores

DESCRIPCIÓN	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022	PREVISIÓN 2023	PREVISIÓN 2024
ALUGAMENTOS E CANONS	13.773	13.774	15.000	15.000	15.000
INDEMNIZACIONES POR RAZONS SERVIZO	2.500	4.000	6.000	6.000	6.000
MATERIAL E SUBMINISTRACIONES	99.049	209.510	367.000	367.000	367.000
REPARACIONES E MANTEMENTO	33.999	35.000	61.000	61.000	61.000
TOTAL	149.321	262.284	449.000	449.000	449.000

I.3.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Remanente de Tesourería

	2020	2021
1. Fondos líquidos	4.490.339	3.496.522
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	11.814.516	12.616.128
Do orzamento corrente	1.364.677	1.047.226
De orzamentos pechados	10.449.839	11.568.902
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
3. Obrigas pendentes de pago (-)	172.644	152.030
Do orzamento corrente	60.833	30.000
De orzamentos pechados	2.030	2.030
De operacións non orzamentarias	109.781	120.000
De operacións comerciais		
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	-527	-527
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	527	527
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	16.131.684	15.960.093
II. Exceso de financiamento afectado		
III. Saldos de dubidoso cobro	5.321.880	5.747.630
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	10.809.804	10.212.463

APLICACIÓN

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓN INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
ADQUISICION DE DRONES Y OTRAS HERRAMIENTAS	0	10.000	28.000
ADQUISICION DE MOBILIARIO	659	5.000	10.000
APORTACION PROYECTO TERRA	20.251	90.000	90.000
DIVULGACION DA ACTIVIDADE REALIZADA	7.260	10.000	30.000
EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	4.718	5.000	20.000
EQUIPOS PROCESO DE INFORMACION	0	5.000	10.000
MATERIAL DE TRANSPORTE	0	50.000	50.000
OBRAS DE DEMOLICION	43.935	1.745.000	1.745.000
TOTAL	76.823	1.920.000	1.983.000

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

○ orzamento de Axencia de Protección da Legalidade Urbanística para o exercicio 2022 acada a cifra de 5.902.735 euros, no que se refire aos seus estados de ingresos e gastos.

ORZAMENTO DE INGRESOS: A previsión de recursos estimada correspóndese aos ingresos correntes, que proveñen dos seguintes conceptos:

* Taxas por servizos administrativos, mais concretamente, por fotocopias compulsadas de expedientes en poder da Administración

*Taxas por servizos profesionais, en concreto, por dirección e inspección de obras realizadas mediante contrato.

* Xuros de demora.

* Sancións urbanísticas impostas.

* Multas coercitivas impostas.

* Liquidación de gastos das execucións subsidiarias realizadas por este organismo.

* Transferencias correntes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

* Transferencias do concellos pola sinatura dos convenios de adhesión á Axencia.

* Xuros de contas correntes.

ORZAMENTOS DE GASTOS:

- Gastos de operacións correntes: Acadan un importe de 3.919.735 € e engloban os seguintes conceptos:

* Custos de persoal, polo importe de 3.470.735 €.

* Gastos en bens correntes e servizos, que contén as asignacións precisas nas diversas partidas para atender os gastos correntes do funcionamento dos servizos administrativos e, en xeral, todos os servizos necesarios para o axeitado funcionamento a Axencia. Acadan o importe de 449.000 euros.

- Gastos de operacións de capital: Acadan un importe total de 1.983.000 euros e se corresponden cos seguintes gastos:

28.000 €, destinados á adquisicións de drons e outras ferramentas para a mellora das inspeccións urbanísticas.

10.000 €, destinados a adquisición de mobiliario , tendo en conta o estado do existente, que na maioría dos casos herdouse doutros organismos.

50.000 € destinados a continuar coa política de renovación do parque automobilístico deste organismo.

10.000 € destinados á adquisición de equipos para os procesos de información.

20.000€, destinados á execución de obras de reformas nas dependencias deste organismo.

120.000 e destinados a gastos de investimentos de carácter inmaterial, entre os que se atopa a aportación deste organismo ao Proxecto Terra.

1.745.000 € correspondentes ás demolicións ilegais a executar subsidiariamente por esta Axencia.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022					
ESTADO DE GASTOS DE OUTRAS ENTIDADES DA COMUNIDADE					
AXENCIA PROTECCION LEGALIDADE URBAN.					
ESTADO DE GASTOS	(En miles de euros sen decimais)				
	REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022	PREVISIÓN 2023	PREVISIÓN 2024
1.Gastos de persoal	3.037	3.403	3.471	3.471	3.471
1.1. Dos cales: gastos de Seguridade Social	581	681	695	695	695
2.Gastos en bens correntes e servizos	149	262	449	449	449
3.Gastos financeiros					
3.1. Xuros					
3.2. Resto de gastos financeiros					
4.Transferencias correntes					
4.1. Ao Sector Público					
- Ao Estado					
- A Organismos da Administración Central, (especificar)					
- Á Administración Xeral da Comunidade Autónoma					
- A Entidades da C.A. incluídas no sector AAPP					
. OOAA da C.A. (Especificar)					
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP (Anexo 1)					
. Universidades de la C.A.					
- A Entidades Locais					
- A Consorcios					
- A entidades da C.A. non incluídas nas AAPP					
- Ao resto de entidades do sector público					
4.2. Ao sector privado					
- Feoga-Garantía					
- Empresas privadas					
- Familias e ISFL					
6. Investimentos reais	112	1.920	1.983	1.983	1.983
6.1. Terreos					
6.2. Inmovilizado Inmaterial	107	1.830	1.863	1.863	1.863
6.3. Investimentos efectuados a través de sociedades instrumentais					
6.4. Investimentos efectuados por encargo a través de Sociedades Públicas					
6.5. Resto de investimentos reais	5	90	120	120	120
7.Transferencias de capital					
7.1. Ao Sector Público					
- Ao Estado					
- A Organismos da Administración Central, (especificar)					
- Á Administración Xeral da Comunidade Autónoma					
- A Entidades da C.A. incluídas no sector AAPP					
. OOAA da C.A. (Especificar)					
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP					
. Universidades de la C.A.					
- A Entidades Locais					
- A Consorcios					
- A entidades da C.A. non incluídas nas AAPP					
- Ao resto de entidades do sector público					
7.2. Ao sector privado					
- Empresas privadas					
- Familias e ISFL					
TOTAL NON FINANCEIRO	3.297	5.585	5.903	5.903	5.903
8. Activos financeiros	-138				
8.1. Aportacións de capital a entidades da C.A. en AAPP					
8.2. Resto de activos financeiros	-138				
9. Pasivos financeiros					
TOTAL	3.159	5.585	5.903	5.903	5.903

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022					
ESTADO DE INGRESOS DE OUTRAS ENTIDADES DA COMUNIDADE					
AXENCIA PROTECCION LEGALIDADE URBAN.					
ESTADO DE INGRESOS	(En miles de euros sen decimais)				
	REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022	PREVISIÓN 2023	PREVISIÓN 2024
3. Tasas e outros ingresos	1.551	3.682	3.999	3.999	3.999
3.1. Taxas académicas					
3.2. Outras taxas e prezos públicos	1	2	4	4	4
3.3. Outros ingresos	1.550	3.680	3.995	3.995	3.995
4. Transferencias correntes	1.608	1.903	1.903	1.903	1.903
4.1. Do Sector Público	1.608	1.903	1.903	1.903	1.903
- Do Estado					
- De Organismos da Administración Central (ESPECIFICAR)					
- Da Administración Xeral da Comunidade Autónoma	1.588	1.898	1.898	1.898	1.898
- De Entidades da C.A. recollidas no sector AAPP					
. OAAA da C.A. incluídos en AAPP					
. Sociedades e Entes Públicos da C.A.					
. Universidades da C.A.					
- Das Entidades Locales	19	5	5	5	5
- Dos Consorcios					
- De entidades da C.A. non incluídas en AAPP					
- Do resto de entidades do sector público					
4.2. Da Unión Europea					
- Do Fondo Social Europeo					
- Outras da Unión Europea(ESPECIFICAR)					
4.3. Do Sector privado					
- Empresas privadas					
- Familias e ISFL					
5. Ingresos patrimoniais			1	1	1
5.1. Xuros			1	1	1
5.2. Outros ingresos patrimoniais					
6. Alleamento de investimentos reais					
6.1. Terreos					
6.2. Resto de investimentos reais					
7. Transferencias de capital					
7.1. Do Sector Público					
- Do Estado					
- De Organismos da Administración Central (ESPECIFICAR)					
- Da Administración Xeral da Comunidade Autónoma					
- De Entidades d C.A. incluídas no sector AAPP					
. OAAA da C.A. incluídos en AAPP					
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP					
. Universidades da C.A.					
- Das Entidades Locais					
- Dos Consorcios					
- De entidades da C.A. non incluídas en AAPP					
- Do resto de entidades do sector público					
7.2. Da Unión Europea					
- Do FEDER					
- Outras da Unión Europea					
7.3. Do Sector privado					
- Empresas privadas					
- Familias e ISFL					
TOTAL NON FINANCEIRO	3.159	5.585	5.903	5.903	5.903
8. Activos financeiros					
8.1. Remanente de Tesourería					
8.2. Outros activos financeiros					
9. Pasivos financeiros					
TOTAL	3.159	5.585	5.903	5.903	5.903